



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBEIRA, PARA O ESTABLECIMENTO DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DA UTILIZACIÓN DO TRANSPORTE

REUNIDOS:

Dunha parte, D^a. Ethel M^a Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, en nome e representación da dita consellería.

Doutra parte, D. Manuel Santos Ruíz Rivas, alcalde do Concello de Ribeira, en nome e representación do referido concello.

As partes recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar o presente convenio de colaboración, e para ese efecto

EXPOÑEN:

As políticas públicas de mobilidade que pretenden a redución no uso do vehículo particular, teñen como premisa esencial a potenciación do transporte público como principal alternativa sostible que satisfaga as necesidades de desprazamento da cidadanía. Asemade, a garantía da mobilidade da poboación dentro dos propios concellos considérase como un elemento de contribución para o crecemento e desenvolvemento da economía local axudando á xeración do emprego e garantindo a sustentabilidade da comunidade.

Na mesma liña, un dos obxectivos fundamentais do Plan de Transporte Público de Galicia promovido pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia é contribuír ao fomento da mobilidade en transporte público, favorecer a coordinación entre as diferentes redes de transporte público e mellorar a calidade da integración do sistema, a través da ordenación da oferta de transporte e o abaratamento do custo por viaxe ás persoas usuarias, coa fixación de tarifas que introducen bonificacións. Estes principios foron trasladados aos traballos de definición dos diferentes servizos públicos de transporte que elaborou, aprobou e implantou a Dirección Xeral de Mobilidade.

Neste sentido, as diversas actuacións orientadas á promoción do transporte público que está a desenvolver a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade presentan elementos de coincidencia coa vontade do concello de Ribeira de contribuír á mellora da mobilidade, para o que prevé o establecemento de determinadas medidas dirixidas ás persoas usuarias, co obxectivo último de fomentar o emprego do transporte colectivo nos servizos que comunican as diferentes parroquias do concello entre si, principais focos de demanda de mobilidade da súa poboación. Asemade tamén é vontade do Concello de Ribeira a introdución de bonificacións especiais a colectivos específicos como parte da implantación de determinadas medidas de políticas sociais no termo municipal.

A Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de transportes terrestres que se desenvolvan integramente dentro do seu territorio, de acordo co establecido no artigo 148.5 da Constitución Española e do artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia. O





Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, órgano da administración autonómica ao que corresponden as competencias e funcións en materia de transportes, determina que a Dirección Xeral de Mobilidade terá, entre outras, as funcións relativas á coordinación dos transportes urbanos cos interurbanos e a implantación de plans de fomento do transporte público.

O concello de Ribeira ten as competencias tanto en materia de transporte público de viaxeiros como na ordenación do tráfico de vehículos e persoas e na protección do medio ambiente, tal e como se establece nos artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e na demais normativa estatal e autonómica de aplicación.

Deste xeito, dada a posibilidade de avanzar na promoción do emprego do transporte público e en aras dos principios de colaboración, cooperación e coordinación que deben presidir as relacións entre as Administracións públicas, é vontade das partes relacionadas no encabezamento proceder á sinatura dun Convenio de colaboración que permita a implantación de bonificacións para os usuarios do transporte colectivo do Concello de Ribeira, con base nas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.- Obxecto e ámbito de aplicación

O presente convenio de colaboración ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para a implantación de bonificacións para as persoas usuarias do transporte colectivo nos servizos que se presten dentro do concello de Ribeira.

Así, as relacións de tráfico nas que serán introducidas estas bonificacións correspóndense coas incluídas nos servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral que se desenvolvan no interior do termo municipal de Ribeira. Estas relacións de tráfico son atendidas polos contratos de concesión de servizos de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral da titularidade da Xunta de Galicia, que se indican no anexo I deste convenio.

Segunda.- Beneficiarios e importes das bonificacións

As persoas usuarias que se poderán beneficiar das bonificacións propostas polo concello de Ribeira serán as seguintes:

- a) **Bonificación de uso xeral:** Aplicarase a todas as persoas usuarias que fagan uso da TMG, da TMG Xente Nova, ou doutras tarxetas integradas (actualmente, a Tarxeta *Millenium* da Coruña e a Tarxeta *Cidadá* de Lugo), nos desprazamentos correspondentes ás relacións de tráfico incluídas no ámbito de aplicación deste convenio por concesións de servizo público de transporte adheridas ao mesmo. Neste suposto o importe da tarifa a aboar pola persoa usuaria terá unha bonificación de 0,50 € respecto do importe previsto en cada momento no correspondente contrato de concesión para o pagamento con TMG; polo tanto, o importe a pagar inicialmente utilizando as ditas tarxetas é o de 0,85 €/viaxe.





- b) **Bonificacións sociais:** Á tarifa xeral bonificada establecida no apartado anterior resultaralle de aplicación unha bonificación adicional a favor daquelas persoas que, identificadas polo Concello de Ribeira na aplicación informativa habilitada para tal fin por parte da Xunta de Galicia, pertencen a certos colectivos para os que este concello acorde establecer este tipo de bonificación adicional.

Inicialmente, os colectivos designados polo Concello de Ribeira son os seguintes:

- Estudantes: bonificación adicional de 0,25 € sobre a bonificación xeral.
- Pensionistas: bonificación adicional de 0,15 € sobre a bonificación xeral.
- Persoas en situación de risco ou emerxencia social: bonificación equivalente ao importe total que lles tería correspondido abonar polo servizo de transporte (inicialmente, 0,85 €)

Para acceder á bonificación social, as persoas usuarias deberán dispoñer dunha TMG, cumprir os requisitos xerais e específicos para cada colectivo que aparecen determinados no anexo II ao presente Convenio e aqueles outros que, se fose o caso, establece o Concello de Ribeira, acreditar o cumprimento dos ditos requisitos mediante os medios que en cada caso determine o Concello de Ribeira, e sexan habilitados por parte deste concello na aplicación informática TARSO, habilitada para tal fin pola Xunta de Galicia.

- c) **Bonos da concesión.** Adicionalmente, no caso daquelas concesionarias que asuman a utilización da TMG para a xestión dos bonos previstos no proxecto de explotación, as bonificacións previstas anteriormente acumularanse ao desconto que corresponde á empresa concesionaria do servizo de transporte en relación á comercialización de bonos de 50 viaxes.

Neste caso, aquelas persoas usuarias que cunha mesma tarxeta de transporte TMG realicen 50 viaxes no mes natural, reintegraráselles o importe correspondente ao desconto previsto para o dito abono de 50 viaxes, con cargo á empresa concesionaria; a Dirección Xeral de Mobilidade poderá acordar a aplicación das regras establecidas para o bono de 50 viaxes a calquera outro bono que as concesionarias comercialicen no seu ámbito de aplicación.

Sen prexuízo do anterior, o Concello de Ribeira resérvase a facultade de aplicar as bonificacións previstas anteriormente tanto a aquelas persoas que opten pola adquisición destes bonos directamente á empresa concesionaria, como no suposto de que por parte destas últimas non se prevea a xestión destes bonos a través do sistema previsto neste apartado por parte de algunha das empresas concesionarias dos servizos previstos no anexo I deste Convenio.

As tarifas resultantes da aplicación dos descontos abonados polas Administracións veranse incrementadas na medida na que o sexan as establecidas nos correspondentes contratos, salvo que as partes acorden, no seo da comisión de seguimento prevista neste convenio e logo da tramitación contable que corresponda, o incremento das correspondentes bonificacións.

Terceira.- Aplicación das bonificacións ás persoas usuarias



Xacobeo 2021





1. A aplicación das bonificacións nos tráficos correspondentes deberá contar coa previa implantación dos sistemas de cancelación da Tarxeta TMG nos contratos que se adhiran, xa que será preciso o emprego desta tarxeta para o aboamento das mesmas. No caso das bonificacións sociais esta tarxeta deberá estar dada de alta na aplicación da tarxeta social, TARSOC, que tamén é empregada para as bonificacións de carácter social no Transporte Metropolitano de Galicia.

2. O aboamento das **bonificacións de uso xeral** á persoa usuaria efectuaranse mediante desconto aplicado directamente no pagamento realizado no autobús coa Tarxeta TMG, TMG Xente Nova, ou con tarxetas análogas integrada. Para estes efectos, terán esta consideración de tarxetas integradas as que sendo compatibles tecnolóxica e operativamente coa TMG, acorde a Dirección Xeral de Mobilidade; actualmente, teñen esta consideración as tarxetas *Millenium* da Coruña e *Cidadá* de Lugo.

3. Para a aplicación das **bonificacións sociais** determínase o seguinte procedemento:

- a. Para os perfís sociais recollidos no anexo II do presente convenio, que acrediten a súa condición, o concello xestionará directamente a alta, baixa ou modificación de persoas usuarias e tarxetas asociadas a través da aplicación TARSOC, habilitada pola Dirección Xeral de Mobilidade para a xestión da aplicación social da TMG. Por tanto, só poderán acceder ás bonificacións sociais as persoas titulares de tarxetas TMG que o concello manteña en situación de alta en cada momento.
- b. As persoas usuarias de alta na TARSOC, ao facer uso do servizo, deberán pagar no autobús o importe da viaxe coa TMG que teñan asociada na dita aplicación, aplicándoselles por tanto de xeito automático a bonificación de uso xeral (0,50 €/viaxe) nos mesmos termos que o resto de beneficiarios.
- c. A bonificación social adicional que lle corresponda á persoa usuaria farase efectiva para as persoas beneficiarias no momento no que estas efectúen a recarga da tarxeta a finais do mes seguinte a aquel no que realizasen a viaxe, o que poderán facer en calquera caixeiro automático da entidade financeira colaboradora, incluso sen incorporar novo crédito adicional.

As persoas beneficiarias disporán do prazo de dous meses para aceptar as bonificacións dende a data na que estas se poñan á súa disposición. No caso de non aceptar a recarga dentro do devandito prazo, a bonificación caducará e perderán o dereito a percibila.

As persoas beneficiarias das axudas establecidas neste convenio poden consultar o estado das súas recargas na páxina web <https://tmg.xunta.gal/consulta-tarxeta>, ou na que en cada momento habilite a Dirección Xeral de Mobilidade. Neste sentido, este sistema de pagamentos operará de xeito análogo a como o fai actualmente o actual programa tarifario social no Transporte Metropolitano de Galicia.

4. No caso dos descontos correspondentes aos **bonos da concesión**, no caso de que a súa aplicación se realice a través da TMG ou tarxetas integradas, a Xunta de Galicia procesará as colectas remitidas polas empresas concesionarias adheridas e determinará o total de





viaxes de cada unha das tarxetas. Para aquelas tarxetas que acaden o número de 50 viaxes no mes natural (ou o que corresponda, segundo o tipo de bono), con orixe e destino no ámbito definido neste convenio, e que fosen canceladas en autobuses dunha mesma concesión de transporte, calculará o importe da bonificación que lles correspondería de ter adquirido un bono da indicada concesión (inicialmente, 17,50 euros para o bono de 50 viaxes), e reintegrará este importe ás persoas usuarias co mesmo procedemento e prazo de materialización que se estableceu para o reembolso das bonificacións “sociais”.

Tendo en consideración que a aplicación do sistema de xestión dos bonos anteriormente indicados serán de aplicación a aqueles concesionarios dos indicados no anexo I que se adhiran ao mesmo, o Concello de Ribeira resérvase a facultade de establecer unha bonificación por viaxe equivalente ás previstas neste convenio para aquelas persoas usuarias que opten por adquirir estes bonos directamente á empresa concesionaria, ou no caso de concesionarios que opten pola súa xestión directa.

Cuarta.- Obrigas económicas relativas ás bonificacións tarifarias

4.1 Operativa das bonificacións

A operativa das bonificacións respecto das persoas usuarias e á empresa concesionaria, realizarase consonte co seguinte:

1. **Bonificación de uso xeral.** A bonificación de uso xeral aplicable co pagamento mediante o uso de calquera das tarxetas integradas é asumida integramente polo Concello de Ribeira e xestionada pola Xunta de Galicia.

Para tal fin, a empresa concesionaria cobrará da tarxeta o importe bonificado (inicialmente, 0,85 €). Posteriormente, nos primeiros días hábiles de cada quincena, a Xunta de Galicia procesará a información das máquinas canceladoras remitida pola empresa a través da aplicación SITME, ou análoga que a substitúa, e a Dirección Xeral de Mobilidade abonará á empresa concesionaria correspondente o importe total da compensación que corresponda á dita quincena tendo en conta o desconto de 0,50 euros por viaxe.

2. **Bonificacións sociais.** Corresponde ao Concello de Ribeira o pagamento íntegro das compensacións que correspondan polas bonificacións sociais que o dito concello estableza segundo o establecido nas estipulacións anteriores.

Estas bonificacións serán abonadas materialmente pola Dirección Xeral de Mobilidade nas tarxetas das persoas beneficiarias, consonte co indicado na estipulación anterior.

3. **Bonos das concesións.** O importe correspondente ao desconto pola aplicación destes bonos será asumido pola empresa concesionaria que corresponda.

As contías correspondentes serán reintegradas pola Dirección Xeral de Mobilidade ás persoas usuarias con dereito ao desconto utilizando o procedemento análogo ao correspondente ás bonificacións sociais, incluída a previsión de período de disposición e caducidade da recarga.

4.2 Xestión das achegas que corresponden ás bonificacións





1. Achegas correspondentes ao Concello de Ribeira

Consonte co indicado anteriormente, o Concello de Ribeira asume o custo íntegro da bonificación xeral e das bonificacións sociais, coas previsións igualmente indicadas respecto da utilización da TMG Xente Nova, asumida pola Xunta de Galicia.

Para tal fin, con carácter previo ao inicio da operativa real da bonificación xeral e das bonificacións sociais, o Concello de Ribeira transferirá á conta xeral da Xunta de Galicia do importe correspondente ao respectivo concepto para o exercicio 2021, calculado de forma estimativa no anexo III do presente convenio, remitindo no mesmo prazo á Dirección Xeral de Mobilidade xustificante do dito ingreso. O importe correspondente ao ano 2021 poderá ser axustado pola Dirección Xeral de Mobilidade, tendo en conta a súa directa vinculación coa data a partir da que sexa efectiva a aplicación real da correspondente bonificación.

Respecto das achegas correspondentes ao resto de anualidades do convenio, ao inicio de cada exercicio a Dirección Xeral de Mobilidade remitirá ao concello a liquidación do ano anterior xunto co importe que lle corresponderá ao concello ingresar no corrente. Para tal fin, a Dirección Xeral de Mobilidade revisará o importe inicialmente estimado para o ano correspondente no anexo III do presente convenio, tendo en consideración a evolución real do gasto do exercicio anterior xunto, se é o caso, co importe eventualmente deficitario do ano anterior, ou o sobrante, importe este último que a Dirección Xeral de Mobilidade poderá optar por incorporar ou por reintegrar ao concello ao peche o exercicio; igualmente, respecto das bonificacións sociais, teranse en conta aquelas que puidesen chegar a caducar por non as ter aceptado as persoas usuarias nos prazos establecidos para tal fin. O Concello de Ribeira ingresará o importe calculado consonte co anterior para o novo exercicio no prazo máximo de **dous meses** a contar dende a data da súa comunicación.

A Dirección Xeral de Mobilidade, na súa condición de xestor das achegas do concello, fará un seguimento continuado do gasto que lle corresponde ao concello. Para o caso de que de acordo cos datos que se van rexistrando na aplicación de xestión, as estimacións inicialmente realizadas sexan previsiblemente insuficientes para atender os pagamentos das bonificacións fixadas neste convenio, a Dirección Xeral de Mobilidade requirirá ao concello que achegue o importe necesario para manter o seu financiamento no correspondente exercicio. Os novos ingresos que deban ser realizados consonte co anterior, deberán ser materializados no **prazo dun mes** a contar dende a data na que se realice a correspondente comunicación.

O conxunto de achegas realizadas polo Concello de Ribeira serán obxecto de incorporación na aplicación orzamentaria 09.02.512A.470.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

De non se efectuar as achegas correspondentes ao Concello de Ribeira nos prazos fixados neste convenio, as partes asumen expresamente que as mesmas terán a consideración de débedas firmes, líquidas e exíxibles pola Xunta de Galicia, quen poderá reter e compensar os referidos importes das cantidades que lles correspondan aos concellos como participación no Fondo de Cooperación Local, consonte co legalmente establecido. Adicionalmente, no caso das bonificacións sociais, de non ser suficiente o crédito achegado





polo concello para facer fronte ás obrigas establecidas neste convenio, e ter transcorrido o prazo que se fixa nesta cláusula para realizar a correspondente achega complementaria, a Dirección Xeral de Mobilidade suspenderá o reintegro ás persoas usuarias ata que se materialice e xustifique a realización da indicada achega por parte do Concello de Ribeira. Neste caso, a comisión de seguimento poderá acordar a adaptación dos prazos previstos para a caducidade das bonificacións afectadas por esta suspensión.

2. Importe correspondente a bonos das concesións

No caso dos bonos das concesións que se chegasen a xestionar a través da tarxeta TMG, o importe correspondente será deducido pola Dirección Xeral de Mobilidade dos pagamentos mensuais por compensacións previstas neste convenio que deba realizar á concesionaria á que corresponda facer fronte ao custo do dito bono. No cálculo desta minoración terase en conta as bonificacións que puidesen caducar por non ter sido recargadas polas persoas usuarias en prazo.

No suposto de insuficiencia destes importes, as ditadas cantidades serían minoradas dos pagamentos por obrigas de servizo público ou por reserva de prazas que, consonte cos correspondentes pregos de condicións, deba abonarlles a administración; e, finalmente, no caso de que aínda así resultasen insuficientes, serían ingresadas directamente pola empresa concesionaria na conta da Xunta de Galicia.

Quinta.- Tarifa Xente Nova

A Xunta de Galicia ten previsto a expansión do ámbito territorial de aplicación da *Tarifa Xente Nova* aos servizos de transporte público interurbano da súa titularidade ata a abranguer a totalidade da Comunidade Autónoma, e que supón a bonificación do 100% do custo do viaxe para menores de 21 anos.

Dende o momento no que entre en funcionamento a tarifa Xente Nova no ámbito territorial deste convenio, prevista para o primeiro semestre de 2021, os menores de 21 anos disporán dunha bonificación do 100% nas súas viaxes.

Así, nos desprazamentos correspondentes ás relacións de tráfico incluídas no ámbito de aplicación deste convenio, a bonificación de uso xeral abonada con TMG Xente Nova que se corresponderá coa aplicación a *Tarifa Xente Nova*, será asumida integramente pola Xunta de Galicia como compensación por aplicación da *TMG Xente Nova*. Xa que logo, dado que o importe abonado neste caso por parte da persoa usuaria á empresa concesionaria do servizo terá a minoración prevista na letra a) da estipulación segunda deste convenio, o importe correspondente a esa minoración (0,50 € inicialmente) será reintegrado por parte da Dirección Xeral de Mobilidade á empresa concesionaria, con cargo á aplicación Xente Nova, na que xa estará prevista. Finalmente, o dito importe será minorado nas liquidacións que a Dirección Xeral de Mobilidade traslade ao Concello de Ribeira respecto das achegas derivadas da aplicación da bonificación de uso xeral.

Sexta.- Duración e vixencia

O presente convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura, e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.





Sen prexuízo do anterior, a posta en funcionamento das diferentes bonificacións que prevé este convenio terá lugar na data ou datas, coincidentes coa entrada en vigor do convenio ou posteriores a esta, que estableza a Dirección Xeral de Mobilidade atendendo á habilitación dos sistemas tecnolóxicos necesarios para tal fin así como ao acordo de expansión do ámbito territorial de aplicación da tarifa Xente Nova, e, no caso das tarifas sociais, á xestión administrativa que deba realizar o concello de Ribeira para habilitar a súa aplicación.

Este convenio poderá ser obxecto de prórroga expresa no marco dos acordos institucionais acadados para o mantemento do servizo máis alá da data inicialmente prevista, ata por un máximo de catro anos máis, e coas obrigas xurídicas e financeiras establecidas para a aprobación da referida prórroga, previo acordo entre ámbalas dúas partes asinantes.

Calquera das dúas partes asinantes poderá denunciar o convenio cun preaviso á outra parte asinante con tres meses de antelación á data na que se deban deixar de aplicar as bonificacións. A renuncia ao convenio, incluso de ser parcial, non limitará as responsabilidades asumidas por cada unha das partes asinantes respecto das bonificacións e das súas compensacións por viaxes realizadas ata a data na que se produza o cese material na aplicación das ditas bonificacións.

Igualmente, ambas partes poderán acordar a modificación do convenio, ou o seu vencemento anticipado, motivado pola integración do Concello de Ribeira na Área de Transporte de Galicia que a Xunta de Galicia prevé impulsar nos próximos meses.

Sétima.- Réxime xurídico

O presente Convenio enmárcase no ámbito das relacións interadministrativas previsto no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, e no título V, artigos 198 e 199, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Asemade, é de aplicación a previsión do artigo 74.5 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que recolle a posibilidade dos concellos de promover ou participar en calquera momento en actuacións interadministrativas de colaboración para a mellora e o fomento do sistema de transporte público.

Do mesmo xeito, de conformidade co establecido no artigo 82.4 da mesma Lei, tanto no suposto de tarifas fixas como no de tarifas máximas, a Administración poderá autorizar a comercialización de tarifas bonificadas:

- a) Bonos de utilización recorrente ou para a promoción da utilización do sistema de transporte público. Estes bonos serán dirixidos ao público en xeral, e non será admisible a introdución de discriminacións por razóns de territorio ou residencia nin por razóns sociais ou doutra índole.
- b) Bonos sociais, vinculados a políticas ou actuacións transversais dos poderes públicos no ámbito social, nos que se tomarán en consideración as condicións específicas das persoas usuarias ou das súas unidades familiares, tales como familias numerosas, estudantes, xubilados ou nivel de renda. En ningún caso se poderán establecer bonos sociais atendendo a criterios exclusivamente territoriais, como a residencia, ou a condicións discriminatorias, como a raza, a relixión ou a opinión da persoa usuaria.





Xunto coas anteriores tarifas bonificadas poderán establecerse e xestionarse, no marco do sistema de transporte público, bonificacións adicionais promovidas pola propia administración titular do servizo (como, por exemplo, a bonificación do 100% do custo do viaxe para menores de 21 anos a través da tarxeta TMG Xente Nova, impulsada pola Xunta de Galicia) ou por calquera outra administración, entidade, agrupación ou colectivo interesado na promoción do transporte público ou na prestación dun servizo ao colectivo ao que dirixan a súa actuación.

Este convenio encóntrase incluído dentro dos previstos no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de contratos do sector público, polo que queda fóra do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta norma para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

Este convenio rexerase polas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia.

A resolución das posibles cuestións litixiosas que se puidesen suscitar por incumprimento ou interpretación das súas cláusulas resolveranse, en defecto de acordo entre as partes, e dado o carácter administrativo do Convenio, pola Xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava.- Comisión de seguimento

Co obxecto de velar polo cumprimento deste convenio e para o tratamento de posibles discrepancias sobre o seu contido e aplicación constitúese unha comisión mixta de seguimento constituída polas persoas titulares da Dirección Xeral de Mobilidade e da alcaldía de Ribeira, ou persoa a quen designen en caso de ausencia, vacante ou enfermidade; e ata dúas persoas máis por cada parte asinante designadas respectivamente polas persoas titulares da Dirección Xeral de Mobilidade e da alcaldía de Ribeira. Ademais das anteriores, a persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade designará a un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Mobilidade ou dos órganos territoriais da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, que asumirá a secretaría da comisión, asistindo ás súas reunións con voz mais sen voto.

Ademais de funcións de interpretación e resolución de dúbidas respecto da aplicación deste convenio, a dita comisión de seguimento estará habilitada para efectuar modificacións nas condicións das bonificacións sociais que se sinalan na estipulación segunda e no anexo II deste Convenio, así como para incorporar novos perfís de carácter social ao ámbito de aplicación das ditas bonificacións. Igualmente, a comisión de seguimento poderá modificar puntualmente os prazos establecidos neste convenio para a materialización das recargas pola persoas usuarias, a súa posta a disposición, a xestión de bonificacións, ou a materialización das achegas que en cada caso correspondan.

Calquera outra modificación das condicións de aplicación das bonificacións que implique a asunción de novos custos por calquera das partes deberá ser aprobado mediante a sinatura dun novo convenio ou dunha addenda a esta, cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación deste Convenio.





Os acordos da comisión de seguimento serán adoptados por unanimidade.

A pertenza a esta comisión así como a asistencia ás súas sesións en ningún caso implicarán ningún tipo de retribución nin axudas de custo para as persoas que a integran.

Novena.- Publicación

Este convenio será obxecto de publicación nos termos do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e demais normativa aplicable, e as partes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas neste, poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E para que conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente convenio dixitalmente.

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

Ethel M^a Vázquez Mourelle

O alcalde do Concello de Ribeira

Manuel Santos Ruíz Rivas

(documento asinado dixitalmente)





ANEXO I: Contratos de concesión de servizos públicos de transporte con relacións de tráfico incluídas no ámbito de aplicación deste convenio, e empresas ou UTEs concesionarias deles

Código	Denominación	Concesionario
XG817	Eixo Atlántico e conexións con Lugo, Lalín e Fisterra, con anexos	UTE Castromil, S.A.U., Empresa Monforte, S.A.U., Gómez de Castro, S.A.U., Transportes La Unión, S.A., Eleuterio López y CIA, S.L.U., Rías Altas, S.A., Autos Arcade, S.L., Auto Industrial, S.A.U., La Hispano Igualadina, S.L., Vigo Barcelona, S.A., Autocares Rías Baixas, S.L., Interurbana de Autocares, S.A.U., Dainco, S.A., e Compostelana, S.A.U. (abreviadamente, UTE XG-817)
XG847	Comarca do Barbanza	UTE Castromil, S.A.U., Empresa Monforte, S.A.U., Eleuterio López y Cía, S.L.U., Rías Altas, S.A., Auto Industrial, S.A.U., La Hispano Igualadina, S.L., Hermanos Ferrín, S.L., Agustín Sarasquete e Hijos, S.L., Autos Ramón Outeiral, S.L., e Autocares Muíños, S.L. (abreviadamente, UTE XG-847)





ANEXO II: Requisitos xerais e específicos das bonificacións e vixencia

A. Requisitos das persoas beneficiarias:

1. Bonificación de uso xeral: poderá acceder a esta tarifa calquera persoa usuaria do transporte público que dispoña de calquera das tarxetas do transporte de Galicia ou tarxetas integradas (actualmente, TMG, *Tarxeta Millenium* da Coruña, e *Tarxeta Cidadá* de Lugo e prevista a TMG Xente Nova).

2. Bonificacións sociais:

Requisito xeral: Empadramento no Concello de Ribeira, dispoñibilidade dunha tarxeta TMG, e ser dadas de alta por parte do Concello de Ribeira na aplicación de xestión das bonificacións sociais do transporte (TARSOC) da titularidade da Xunta de Galicia.

Requisitos específicos:

- a) **Estudantes:**
 - Menores de 28 anos.
 - Estar matriculado nun centro de ensino oficial (público ou privado).
- b) **Pensionistas:** Ter algunha das seguintes condicións;
 - Ser pensionistas
 - Ter unha diversidade física ou psíquica igual ou superior ao 33%.
 - Ser usuario/a de asociacións dedicadas á atención a persoas con diversidade intelectual ou física, sen ánimo de lucro e declarada de utilidade pública emprazada no Concello de Ribeira.
- c) **Emerxencia social:** terán carácter extraordinario, dirixíndose a aquelas persoas, que a criterio dos Servizos sociais do concello, e atendendo a razóns de emerxencia social ou de precariedade persoal, puidesen precisar destas axudas.

B. Vixencia das bonificacións:

Con carácter xeral, estas axudas terán vixencia en tanto se manteñan as condicións que determinaron a súa concesión e como máximo segundo se especifica en función do tipo de beneficiario, estando obrigado o beneficiario a achegar en cada momento a documentación xustificativa que lle sexa requirida polos servizos municipais.

Bonificación de uso xeral: duración ilimitada.

Bonificacións sociais:

- a) **Estudantes:**
 - Ata os 16 anos: vixencia de 3 anos.
 - Maior de 16 anos: vixencia anual.
- b) **Pensionistas:** vixencia 3 anos.
- c) **Emerxencia social:** terán a vixencia que os Servizos Sociais do Concello determinen e interromperanse no momento no que os ditos Servizos así o consideren.

Os beneficiarios están obrigados a comunicar de inmediato ao Concello de Ribeira calquera variación na súa situación persoal que puidese supoñer o incumprimento das condicións que determinaron a súa concesión.





ANEXO III: Estimación da contía das achegas que se prevé que deberá efectuar o Concello de Ribeira no marco deste Convenio

BONIFICACIÓN (*)	USUARIOS	BONIF (**)	COMP (**)	2021	Mes 2021	Mes Porcent	Estimación 2021 (***)	2022	2023	2024
BONIFICACIÓN XERAL										
TMG	130.000	0,50 €	0,454545 €	59.090,91 €	10	0,83	49.242,42	59.090,91 €	59.977,27 €	60.876,93 €
XenteNova (****)	60.000	0,50 €	0,454545 €	27.272,73 €						
BONIFICACIÓN SOCIAL				52.374,24 €	6	0,50	26.187,12 €	56.115,25 €	56.956,98 €	57.811,33 €
TOTAL							75.429,54 €	115.206,16 €	116.934,25 €	118.688,27 €
EVOLUC VIAX COVID 2021						0,65	49.353,71 €			

(*) Contías estimadas a partir dos datos de demanda das anteriores tarxetas de transporte promovidas polo Concello de Ribeira (RIBEIRA MOVE e RIBEIRA MOVE ESCOLAR), e dunha estimación sobre datos do INE referente á TMG Social. Prevese un incremento en 2023 e 2024 so 1,5 % respecto do ano anterior. **Os importes e volumes de achegas son estimados, resultando de aplicación as previsións establecidas no convenio respecto da obriga do Concello de Ribeira de realizar as achegas precisas para atender as compensacións atendendo ao volume real de persoas que, finalmente, fagan uso dos servizos de transporte, consonte co establecido no parágrafo cuarto da estipulación 4.2.1 do convenio.**

(**) O importe da bonificación ás persoas usuarias (BONIF) é o importe total do desconto que estas percibirán sobre a tarifa, polo que inclúe o IVE que estas abonarán; o importe da compensación a abonar pola Administración á concesionaria (COMP) está exento de IVE de acordo coa disposición final décima da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

(***) O importe correspondente ao ano 2021 considérase tendo en conta a previsión de operativa do sistema de bonificación xeral logo da formalización deste convenio, estimando como data de inicio o **1 de marzo de 2021**; dada a previsión de regulación das bonificacións sociais a través dunha ordenanza, estimouse como data de inicio o **1 de xullo**. Finalmente, sobre os datos inicialmente resultantes, tomados sobre a base do total de viaxes efectuados no ano **2019** coas tarxetas do Concello de Ribeira, aplicouse unha redución provocada pola **redución da mobilidade** experimentada a partir de marzo de 2020 como consecuencia da crise sanitaria provocada polo COVID 19.

(****) Non se computan como gasto do convenio o relacionado co transporte de escolares, asumido previamente polo Concello de Ribeira a través da súa tarxeta RIBEIRA MOVE ESCOLAR, ao terse integrado actualmente no ámbito das compensacións por reserva de praza asumidas integramente pola Administración autonómica no marco dos contratos de concesión e, nun futuro, no da TMG Xente Nova para menores de 21 anos. En calquera caso, o Concello de Ribeira asumiría a compensación por bonificacións daquelas persoas usuarias que puidesen ter sido usuarias da tarxeta RIBEIRA MOVE ESCOLAR e puidesen non acceder á condición de beneficiario da TMG Xente Nova.

